



NO IES MARTAGUISELA DO BARCO DE VALDEORRAS DICIMOS NON Á VIOLENCIA CONTRA A MULLER.

“Nin unha máis. Nin un menos. Xuntos. Vós e nós”

Dentro do **Plan Proxecta 365 días de respecto e igualdade** conmemoramos o **Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a muller**, no que durante o segundo recreo do día de hoxe, 25 de novembro, o alumnado da ESO do IES MARTAGUISELA levou a cabo unha concentración no patio do centro escolar para manifestar o seu rexeitamento á violencia contra as mulleres. A alumna de 3º ESO A, María Carrillo de la Fuente, e a Xefa de Estudos, Natalia Nogueira Basalo, foron as encargadas de ler o manifesto redactado pola alumna de 1º BAC A, Antela Roo Calvo. Mentres o alumnado de 1º de Bacharelato, asistiu á concentración organizada polo concello do Barco de Valdeorras onde os mozos e mozas dos diferentes centros educativos da vila leron os manifestos elaborados por eles mesmos.

Deixámosvos algunha fotografía e o manifesto de Antela Roo Calvo no que reflexiona da importancia da implicación dos homes na loita contra a eliminación da violencia contra a muller e propón unha reformulación das Leis da Dinámica de Newton:

Reformulemos as leis. Respetémolas.

Primeira lei. Deixemos de ser inertes.

Segunda lei. Sumemos forzas e actuemos como os seres humanos racionais que somos.

Terceira lei. Actuemos na mesma dirección. Vexamos como é a reacción.

Alén disto, o alumnado de 1º e 2º ESO realizou unha carreira polo Dereito a ser Nena no recinto do propio instituto, organizado polo Departamento de Educación Física.

A encargada do Equipo de Dinamización Lingüística do centro, Marta Cortés Fernández, en colaboración con diferentes membros da comunidade educativa, elaboraron un vídeo reivindicativo a partir de estereotipos e micromachismos que nos están a rodear todos os días.

[ENLACE AO VÍDEO](#)